

## **BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN, PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PEÓN MEDIOAMBIENTAL**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a provisión de unha praza de Peón medioambiental, que prestará servizo nos concellos da Mancomunidad do Salnés.

A principal tarefa a desenvolver polo Peón medioambiental, será a de traballos medioambientais de desbroce manual para a limpeza de espazos naturais existentes nos concellos da comarca do Salnés segundo o calendario establecido.

### **SEGUNDO.- NATUREZA DO CONTRATO**

A contratación realizarase en réxime de dereito laboral baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción, cunha duración máxima de 89 días.

### **TERCEIRO.- DAS CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES INTERESADOS/AS NA OFERTA DE EMPREGO.**

Na oferta de emprego presentada pola Mancomunidad do Salnés na oficina de emprego de Cambados, indícanse os requisitos mínimos que deben reunir os/as candidatos/as para poder tomar parte no procedemento de selección:

- a) Posuíla nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea nos termos da lei 17/1993, de 23 de decembro.
- b) Ter acadado a maioría de idade.
- c) Nivel de estudos: Estudos primarios.
- d) Non padecer doenza ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

### **CUARTO.- PROCESO DE SELECCIÓN**

Sistema de selección é o de oposición.

*Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa*

*Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com*



#### 4.1 OPOSICIÓN

1. A fase de oposición na praza convocada de Peón Medioambiental terá carácter eliminatorio e valorarase cunha puntuación máxima de 80,00.

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio de tipo práctico. 80,00 puntos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 80 puntos. Consistirá na resolución dun ou varias probas prácticas que terán por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas de Peón medioambiental. O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 2 horas. O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba/s práctica/s, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

#### 4.2. Entrevista curricular.

A entrevista puntuarase de 0 a 20 puntos.

Unha vez analizado o CV, o Tribunal levará a cabo unha entrevista persoal que versará sobre cuestións relacionadas co perfil do/a aspirante, a súa experiencia profesional e as tarefas a desenvolver. O Tribunal cualificará a proba motivando suficientemente a puntuación concedida na entrevista en canto a experiencia, formación e adecuación do/a candidato/a ó posto.

#### 4.3 PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación final do concurso será a suma da puntuación obtida nas dúas fases.

### QUINTO.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

5.1 As solicitudes, que queiran tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os/as aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Presidencia desta Mancomunidad, cubrindo o Anexo I. En todo caso, a solicitude acompañarase da seguinte documentación:



- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, na súa falta.
- Copia da titulación esixida nas presentes bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro achegárase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Copia do Curriculum vitae
- Vida laboral

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral desta Mancomunidad, situado en Cambados, Paseo da Calzada s/n 36630 Cambados, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, a través da sede electrónica da Mancomunidad do Salnés (<https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/>) ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### 5.2 - Prazo de presentación:

As solicitudes presentaranse no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dun anuncio nun periódico de ampla divulgación na zona.

### **SEXTO.- SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS**

As persoas candidatas admitidos, presentaranse nas oficinas da Mancomunidad do Salnés, na data e hora que indique a entidade na lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo.

Unha vez finalizado o proceso, o Tribunal, que se constituirá para levar a cabo o proceso selectivo, formulará proposta de contratación en favor do/a aspirante que obtivera a puntuación total maior.

Dita proposta será trasladada á Presidencia da Mancomunidad do Salnés aos efectos de tramitala correspondente contratación.

Cambados, a data da sinatura electrónica

**O Presidente**

**Asdo.: David J. Castro Mougán**



## ANEXO I

### MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO	CONTRATACIÓN TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN
DENOMINACIÓN PRAZA	PEÓN MEDIOAMBIENTAL

DATOS PERSOA ASPIRANTE	
NOME	
PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	
DNI/NIE	
DOMICILIO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN Á SOLICITUDE	(marcar cun X)
Acreditación da nacionalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia)	
Titulación académica oficial esixida nas bases específicas	
Copia curriculum vitae	
Vida laboral	



## SOLICITO

Que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e DECLARO que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condicións de acreditarlos e que reúno todos os requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria para ser admitido/a .

**AUTORIZO** expresamente á Mancomunidad do Salnés que trate os meus datos e os inclúa nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable Tratamento	Mancomunidad do Salnés
Finalidade Tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento. Persoas destinatarias dos datos
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Mancomunidad do Salnés ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto e máis información	986521115 – info@osalnes.com
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web:

<https://www.osalnes.com/downloads/policy/privacy.pdf>

....., a ..... de ..... de .....

Sinatura da persoa solicitante

**SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS**

